

ct

Voaxa e carmín

de
Esther F. Carrodegua

(fragmento en galego)

Nota da autora

Esta fantasía terrorífica ven protagonizada por dúas personaxes que se parecen moito a Maruxa e Coralía Fandiño Ricart e que mesmo comparten os seus nomes. Porén, non son elas. Eu non podo saber como eran elas e da memoria da xente pouco se pode un fiar: moitas das anécdotas que se contan convertéronse xa en lembranza común que uns sitúan aquí e outras acolá.

Escollín da súa historia feita mito só o que me interesou para amosar o gris que se agocha detrás dun arco da vella de color. E deixei o resto para elas mesmas, que en realidade -creo- nunca quixeron abrirse demasiado ao mundo que lles tocou vivir. A maiores, por suposto, deixei a miña imaxinación voar.

Para elas e para todas as persoas que foron algún día exiliadas na súa propia terra.

CADRO PRIMEIRO - MAR MORTO

As dúas menos cuarto. Na casa

MARUXA

As dúas!

As dúas!

Van dar as dúas!

CORALIA

As dúas!

MARUXA

As dúas en punto!

Fixose tarde!

Vai sol?

CORALIA

Non sei!

MARUXA

Chove?!

CORALIA

Non sei

MARUXA

Estás lista?

CORALIA

Estou guapa?

MARUXA

Guapa!

CORALIA

Sen voaxa na cara

Non se pode saír da casa

MARUXA

Sen voaxa na cara

Non se pode saír da casa!

Carmín!

CORALIA
Carmín!

MARUXA
Carmín carmín carmín...

CORALIA
Para min-carmín

MARUXA
Carmín para min
Estás lista?

CORALIA
Lista!

MARUXA
Hai Sansón?

CORALIA
Non!

MARUXA
Galletas?

CORALIA
Non!

MARUXA
Hai que mercar!
Tráeme o bolso!

CORALIA
O bolso!

MARUXA
Sansón
Hai que mercar Sansón!

CORALIA
Hai que mercar Sansón!

MARUXA
Lista?

CORALIA
Lista!

MARUXA
Imos

CORALIA
Imos!

MARUXA
Chaves?

CORALIA
Sen chaves e sen voaxa
Non se pode saír da casa

MARUXA
Nin se pode

CORALIA
Nin se debe!

MARUXA
Veña que é tarde!
Chove?

CORALIA
Non sei!

MARUXA
Mira!

CORALIA
Miro!

MARUXA
Chove?

CORALIA
Chove

MARUXA
Paraugas!

CORALIA
Paraugas!

Abren o paraugas. Saen. Soan as campás da Berenguela.

MARUXA

En punto!

CORALIA

En punto

Coma sempre

MARUXA

Ás dúas

O paseo

Coma sempre

O noso paseo

E saudar á xente

E ir mercar

E media volta

CORALIA

E volta enteira

MARUXA

E hoxe

Con choiva

CORALIA

Toca soportais

Coma sempre

MARUXA

Coma sempre que chove

Pero estase ben

Non vai frío

Chove

Pero estase ben

Non se deixa de camiñar

Por moito que chova

Por moito que chova

Non se deixa de pasear

Ás dúas

CORALIA

Pero hoxe tampouco chove tanto

MARUXA

Tanto non

Pero chove

Por sorte

Están aí os soportais

Pechan o paraugas

Arredemo!
Haiche moita xente
Haiche xente xente xente
Hai demasiada xente
Con tanta xente
Con tanta xente
Non se pode ver nada

CORALIA
Non se ve nada de nada

MARUXA
Os soportais están ben
Pero ás veces están mal

CORALIA
Vou quedar sen velo
Por culpa da choiva
Por culpa dos soportais
Vou quedar sen velo

MARUXA
A quen?

CORALIA
A el

MARUXA
Quen?

CORALIA
Xa sabes

MARUXA
Imos quedar sen velo

CORALIA
Estará por aquí?

MARUXA
Ha de estar
Ha de estar!

CORALIA
Hoxe voulle chiscar o ollo

MARUXA
Nin falar!
Iso nin falar
Ti non
Ti: non
Xa llo chisco eu
Se fai falta

CORALIA
Chíscaslo polas dúas?

MARUXA
Polas dúas

CORALIA
Polas dúas

MARUXA
Se o vemos
Porque con tanta xente

CORALIA
Os soportais

MARUXA
Os soportais

Pasean

CORALIA
Esta noite
Escribímoslle unha carta?

MARUXA
Non sei
Xa veremos

Pausa. Camiñan

Put
Porcona
Que miras?
Eh?
Que miras porca?
Canta envexa hai no mundo!
Canta envexa!
Pooorca!!!

CORALIA

Iso!

MARUXA

Imos

CORALIA

A polo Sansón

MARUXA

Imos que se non

Se non

Se non

Se non

Se non

CORALIA

Ha de chegar?

MARUXA

Sempre chegou

CORALIA

Sempre

MARUXA

Sempre houbo

CORALIA

Sempre houbo quen

MARUXA

Sempre houbo e punto

Pausa

Mira alí

Pausa

Hoxe está ben guapo

CORALIA

Guapo-guapo-guapo...

MARUXA

Cala

CORALIA
Podo chiscarllo eu?

MARUXA
Cala!

CORALIA
Só por hoxe!

MARUXA
Cala!

Maruxa chiscalle o ollo

CORALIA
Bo día

MARUXA
Cala!
Buenos días tenga usted!
Y hasta mañana
Si por aquí se le ve

Chiscalle o ollo de novo

CORALIA
Que guapo
Escribimoslle unha carta?

MARUXA
Pola tardiña si

CORALIA
E que lle poñemos?

MARUXA
A ver
Déixame pensar

Pensan

Benquerido estudante

CORALIA
Dous puntos

MARUXA

A miña irmá e máis eu
Vimoste na Alameda
Ás dúas
Levabas unha chaqueta gris

CORALIA

Que che quedaba moi ben

MARUXA

Que che prestaba moito

CORALIA

Que te facía moi guapo

MARUXA

Mirámoste como de esguello

CORALIA

Creo que nos miraches ti tamén

MARUXA

Iso!
Chisqueiche un ollo

CORALIA

E agora morremos de amor
Por ti
Dende entón
É difícil respirar
De tanto amor
Quero casar contigo
E ter nenos
E nenas
E facer unha familia
Estou sen aire de tanto amor...

MARUXA

Non será tanto!!!

CORALIA

Eu respiro mal

Tose. Pausa. Maruxa abre o paraugas

MARUXA

Hai que coller Sansón

CORALIA
Sansón!

MARUXA
E galletas María

CORALIA
María

MARUXA
E algo máis?

CORALIA
Se dá

MARUXA
Ha de dar

CORALIA
Collemos o Sansón agora ou á volta?

MARUXA
Agora
Non vaia ser

CORALIA
Sansón para o meu corazón!

MARUXA
E galletas María

CORALIA
Galletiñas María

Collen o Sansón e as galletas María

MARUXA
Xa está!

CORALIA
Xa está!

MARUXA
Pois á praza do Toural

CORALIA
Á praza do Toural

MARUXA
E logo á Alameda

CORALIA
Á Alameda

MARUXA
E media volta

CORALIA
E volta enteira!!
Como a noria!!!

MARUXA
Que noria?

CORALIA
Que bonito sería
Unha noria
E as festas
E todo o mundo ben guapo
E homes con traxes novos...

MARUXA
Pois non

CORALIA
Como non?

MARUXA
Que non hai noria

CORALIA
Xa virá
Algún día...

MARUXA
Putá
Lurpia

MARUXA
Putá
Lurpia
Putón!
Roubáchesnolo
Porque es unha porca
Porcona!

Era noso: noso
Pero xa non o queremos
Xa temos outro
Sóbrannos
A nós sóbrannos
Sóbrannos e sóbrannos
Media volta!

CORALIA
E volta e media!

Pega unha reviravolta, bailoteando

MARUXA
Coralia!

CORALIA
Que?

MARUXA
Pasa!
E cala!
Camiña
Anda
Dálle
Faise tarde

Camiñan

CORALIA
Parou

MARUXA
O que?

CORALIA
De chover

MARUXA
Parou de chover

CORALIA
E saíu o sol

Pechan o paraugas

MARUXA
E que ben se está
Con este sol

CORALIA
Dá gusto

MARUXA
Gusto dá
Si
Dá gusto
Dá gusto
E ata parece que dá caloriña

CORALIA
Imos pola rúa do Franco?

MARUXA
Non

CORALIA
Por que?

MARUXA
Porque non

CORALIA
Imos pola Rúa Nova?

MARUXA
Non chove

CORALIA
Imos pola Calderería?

MARUXA
Coma sempre

CORALIA
Coma sempre que fai sol

MARUXA
Cala!

CORALIA
Era por ir ver a Catedral

MARUXA
Nin por ir ver a Catedral
Nin por nada
Nin se pode
Nin se debe
Cambiar a ruta
Non-se-pode
Mira para aí!!!
Hoxe estámosche ben

CORALIA
Gústache?

MARUXA
Non

CORALIA
Pareceume

MARUXA
Pois non
E calas

CORALIA
Pois a min...

MARUXA
A ti tampouco

CORALIA
A min si

MARUXA
Cala!

CORALIA
E se me gusta?

MARUXA
Fas coma que non
E calas!

CORALIA
Pois sempre nos gusta o mesmo
Que raro que non che guste

MARUXA
Caaaala

CORALIA
Gústache

MARUXA
Non

CORALIA
Claro que che gusta

MARUXA
Cala!
Un pouco
Un pouco si
Pero non debería

CORALIA
Ves!

MARUXA
Se o sabe teu pai!

CORALIA
Ou Manuel!

MARUXA
Cala!

CORALIA
Calo

MARUXA
Gústame
De arriba a abaixo

CORALIA
Verde coma o musgo

MARUXA
Cala!

CORALIA
Mentres non sexa gris

MARUXA
Cala!

CORALIA
Ou negro...

MARUXA
Calarás!
O negro non é un color nin é nada!
Ben o sabes!

Pausa

Sigue
Camiña
Non mires
Non mires
Non mires
Non mires

CORALIA
Xa pasou

MARUXA
Miraches?

CORALIA
Non!

MARUXA
Pois mellor

CORALIA
Estás ben?

MARUXA
Ben?
Mellor que ben
A min non
Non
Non
A min non
A min
A min nada
Estase ben
Con este sol
E eu estou de marabilla

E teño que coidarte
Por iso che dicía
Que pecharas os ollos
Pero eu estaba ben
E con este sol
De marabilla
Estou de marabilla

CORALIA
Si
Estase ben

MARUXA
Polo sol
E a caloriña

CORALIA
Fai tan bo día
Que se cadra
Esta tardiña

MARUXA
Esta tardiña que?
Non estarás a insinuar
Si!
Estás a insinuar!
Porque foi aquí
Foi aquí mesmo
No Preguntoiro
Xustamente no Preguntoiro
Subindo polo Preguntoiro arriba
Onde onte
Onte
Ou antonte
Non recordo
Que desvergonza!

CORALIA
Unha desvergonza
Si

MARUXA
Que vergonza

CORALIA
Unha vergonza
E unha desvergonza!

MARUXA
Dicirnos a nós
A nós
Mulleres decentes

CORALIA
Onde se viu?

MARUXA
Iso
Onde se viu?
Dicirnos a nós
De saír pola noite!

CORALIA
Non e non!

MARUXA
Nin por isto
Nin por aquilo
Nin polo outro
Nin ás seis
Nin ás sete
Nin ás oito
Nin hoxe
Nin mañá
Nin nunca

CORALIA
Nin nas Festas do Apóstolo!

MARUXA
Iso!
Nin nas Festas do Apóstolo
Así llo dixen
Ben o sabes
Nin nas Festas do Apóstolo
Nin nas da Ascensión
Nin nunca

CORALIA
Nunca

MARUXA
Nin nas Festas do Apóstolo
Nin no Día do Señor

CORALIA

Nunca

MARUXA

Nin nas Festas do Apóstolo

Nin no Día do Señor

Nin no Día de Defuntos

CORALIA

Nin en Defuntos

Persígnanse

MARUXA

Nin nunca

CORALIA

Nunca!

MARUXA

Xamais!

CORALIA

Xa-mais!

MARUXA:

Estar na rúa de noite

Onde se viu?

Cando se viu? Di!

CORALIA

Nunca!

MARUXA

Nunca

CORALIA

Nin de noite

Nin pola tarde!

MARUXA

Pois iso

Nin pola tarde sequera

Quedou claro?

CORALIA

Clarísimo